

## A NOSA TRADICIÓN ORAL 19

## LENDAS DO FARO DE BUDIÑO



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_TrOr\_0049\_002B\_en\_0\_20\_14\_id688\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_TrOr\_0049\_002B\_en\_0\_20\_14\_id688.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Etnográfico xeral

**MATERIAL DISPOÑIBLE**

Audio mp3, transcripción e comentarios

**DATA DE RECOLLIDA:** 1994-1995

**LOCALIZACIÓN:**

**Lugar:** Budiño  
**Parroquia:** Budiño  
**Concello:** Porriño  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

**INFORMANTE:**

**Nome:** Fernández, Juana  
**Idade no momento da recolla:** 49 anos  
**Lugar e data de nacemento:** ca. 1945

**RECOLLEDORA:** Inés (I.F.P. Francisco Sánchez, Tui)

**COMPILADOR:** López González, Xosé (profesor)

**COLECCIÓN:** A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudio, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

## NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

**Outra transcripción dispoñible en:** Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme (1996). *Guía Didáctica A Nosa Tradición Oral*. Museo do Pobo Galego; páx. 40. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

**TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez

**Clasificación:** Lendas de mouros

## PALABRAS CHAVE

lenda, mouros, peñas do faro, Faro de Budiño

## TRANSCRICIÓN



En tempos antigüos contaba a miña avó, que no barrio da Crus hai un monte, que é un pico alto, que lle chaman o Villanco, é o Coto da Crus. E miña avó dicía que nese coto que hai, que había unha igrexa enterrada que tiña ouro e máis veneno, que non se lle podía andar aí a traballar nin a nada porque sinón podía explotar. Iso era, se coñece, do tempo dos moros, dos mouros.

E logho, hai un monte que lle chaman o Monte do Faro e nese monte do Faro dicían os vellos que había ouro e tesouros aí escondidos e que tamén había dinamitas e que había de todo, o que pasaba de momento ningún científico nin experto deses viu aí a mirar o que había. (...) Unha pedra tan bonita que hai aí, nadie se preocupa de vir a mirar.

Tamén hai unha pedra, que lle chamaban o "Catapún", era unha pedra que ten catro metros de altura e esa pedra cando viña o aire movíase, entón facía un ruído inmenso, espantoso. Que en Tui oíase e entón a policía de Tui, como facía tanto ruído, viñeron aí e rompérona e agora hai unha sola pequiñiña que hai que movela pa' que toque, si, cando toca fai un ruidiño como si fora un tambor ou así un bombo ou algo así, pero agora é pequena.

Os tesouros... eu non sei! As avós decían que eran tesouros de ouro que eran tesouros, que eran dos mouros que trueran eso p'aí pero claro, nadie sabe diso. Logho, síghen as pedras porque esas pedras están en cadena e hai unha que ten alá dúas figuras, como dúas estatuas como si foran dous cabalos con dous... con dúas persoas montadas que os vellos puxéronlle os cabaliños dos mouros. Os cabaliños dos mouros, e logho alí tamén tiñan un buraco como si fora un váter, e son dúas figuras facendo cabalos e facendo dúas persoas alí arriba sentadas e logho tiñan alí uns buracos tamén como si fora un váter. Eles dicen que eran cousas dos mouros que fixeron eles, eu non sei.

Logho alí debaixo tamén hai ou dicían que había unha... unha cueva que cheghaba ó valle da Louriña, por debaixo da terra claro. Que unha vez unha vella intentou pasalo pero xa non saliu da boca porque quedou alí, alí apareceron os osos e a roupa e todo e outros que intentaron pasalo dixeron que non se podía pasar porque había cobras, había bichos raros que tiveron que dar volta pa' atrás que non intentaron pasar, porque non se podía cos bichos que había, nunca nadie supo máis nada de aquilo nin cousa ningunha.



Logho si hai outra cueva que eu recordo, meus antepasados dicían que era unha cueva, chamábanlle o "buraco da herba seca" aquel si había que pasar por debaixo das peñas mui apretadiños, mui arrimadiños ás peñas que se tirabas unha pedra a pedra caía nun pozo mui fundo de agua, non sei que clase de pozo sería porque os vellos nunca chegharon a mirar iso, eu si o cheghei a probar. Pasei tamén polo sitio, cando era eu pequeniña e tirei unha pedra e, efectivamente, a pedra caiu nun pozo mui fundo mui fondo, nunca máis xente foi alí nin cousa ningunha porque aquilo está todo mui cerrado, alí nadie se mete, todo o mundo ten medo e nadie se mete en ir alí a aquelas cousas.

Logho máis pa diante hai un sitio que lle chaman o penedo do Loureiro entón xa onde terminan esas peñas de cadena onde chaman o Monte Faro, que alí tamén dicía a miña avoa que no fondo desas terras, alá sabe Dios a cantos metros de fondura, que había un volcán. Pero ela dicía que non sabía se era un volcán de aghua si de que era e alí había unha pedra que se se puña a orella, alí ao lado da pedra, sentiase un ruído mui fondo, mui fondo, mui fondo como si fora un río de aghua mui profunda porque eu tamén o escuicei moitas veces cando era pequeniña e aghora xa non, porque aghora xa non vou alá.

Despois máis pa' baixo sale noutra peña unha fonte que lle chaman a fonte do Moisés, unha aghua moi boa, moi boa. Sempre está fría no vran e no inverno, e aí xa terminan as peñas do Faro.